

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA DÍAZ CASTRO  
CURSO: 2019 /2020  
MATERIA: ECONOMÍA 1º bacharelato  
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA  
DATA: 06 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crit.LLE.5.1. Recoñecer os diferentes axentes que interveñen na actividade económica e distinguir o seu papel complementario para o funcionamento da economía dun país.	Est.LLE.5.1.1. Caracteriza a familias, empresas e sector público como axentes que toman decisións motivadas polo principio de racionalidade económica. Est.LLE.5.1.2. Identifica os obxectivos de cada tipo de axente económico, así como os factores que inflúen na súa toma de decisións. Est.LLE.5.1.3. Establece a estrutura do sector público por ámbitos de influencia xeográfica.
Crit.LLE.6.1. Aplica a distinción entre microeconomía e macroeconomía	Est.LLE.6.1.2. Diferenza entre microeconomía e macroeconomía, establecendo o ámbito de estudo de ambas as sub-disciplinas.
Crit.LLE.1.1. Caracterizar os recursos produtivos como elementos básicos na produción e distribución, por cuxos servizos son remunerados.	Est.LLE.1.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de recursos produtivos en función da súa función económica.
Crit.LLE.2.1. Comprender e utilizar a fronteira de posibilidades de produción como representación das opcións económicas dispoñibles dadas a tecnoloxía e a dotación de recursos produtivos.	Est.LLE.2.1.1. Relaciona a tecnoloxía coas posibilidades de produción dunha economía. Est.LLE.2.1.2. Define e aplica a noción de custo de oportunidade como valor económico medible en cantidades monetarias.
Crit.LLE.4.1. Identificar os problemas económicos básicos dunha sociedade e razoar a forma de resolvelos nun sistema económico, valorando dun modo crítico os distintos modos de resolver as cuestións básicas da economía que deron lugar a sistemas económicos diversos ao longo da historia.	Est.LLE.4.1.1. Explica as preguntas económicas básicas para a organización económica e a súa relación coa caracterización dos distintos sistemas económicos. Est.LLE.4.1.2. Identifica os trazos distintivos da economía de mercado, do sistema de planificación centralizada e da economía mixta, valorando as vantaxes e as limitacións do tres tipos de sistemas económicos.
Crit.LLE.5.1. Explicar o fluxo circular da renda como relación entre os axentes e funcionamento da economía.	Est.LLE.5.1.1. Emprega o modelo do fluxo circular da renda para recoñecer os diferentes axentes que interveñen na actividade económica e distinguir o seu papel complementario para o funcionamento da economía dun país.
Crit.LLE.1.1. Caracterizar á empresa como entidade especializada que coordina a produción e distribución de bens e servizos.	Est.LLE.1.1.1. Identifica a especialización e o consecuente aumento da produtividade como principais vantaxes da división do traballo.

Crit.LLE.2.1. Describir a finalidade da produción dentro do esquema do fluxo circular da renda, así como o contido deste proceso e os seus beneficios.	Est.LLE.2.1.1. Explica o concepto de produción como creación de valor engadido.
Crit.LLE.3.1. Establecer a relación entre tecnoloxía e eficiencia, utilizando a produtividade como criterio para determinar esta última.	Est.LLE.3.1.1. Identifica a tecnoloxía máis eficiente baixo a dobre perspectiva técnica e económica. Est.LLE.3.1.2. Calcula a produtividade dos diversos factores e utiliza esta noción como indicador para determinar cal é a tecnoloxía máis eficiente.
Crit.LLE.4.1. Relacionar os custos de produción, a lei dos rendementos decrecentes e as economías de escala.	Est.LLE.4.1.1. Clasifica e calcula os diversos tipos de custos que afrontan as empresas na súa actividade produtiva. Est.LLE.4.1.2. Vincula a lei dos rendementos decrecentes e o concepto de economías de escala coa noción de custo.
Crit.LLE.1.1. Establecer a oferta, a demanda e o diñeiro como elementos indispensables para a existencia de mercados.	Est.LLE.1.1.1. Define mercado como conxunto de actividades de compravenda dun determinado produto realizadas entre oferentes e demandantes.
Crit.LLE.2.1. Identificar os factores condicionantes da demanda e representala graficamente.	Est.LLE.2.1.1. Explica a relación entre a cantidade demandada dun ben e o prezo doutros bens. Est.LLE.2.1.2. Constrúe e interpreta a curva de demanda dun mercado a partir de datos matemáticos ou información sobre o produto ou servizo demandado.
Crit.LLE.3.1. Identificar os factores condicionantes da oferta e representala graficamente.	Est.LLE.3.1.1. Describe os elementos que inflúen na oferta dunha empresa. Est.LLE.3.1.2. Constrúe e interpreta a curva de oferta dun mercado a partir de datos matemáticos ou información sobre o produto ou servizo ofrecido.
Crit.LLE.4.1. Construír e interpretar analiticamente o equilibrio de mercado.	Est.LLE.4.1.1. Determina graficamente o equilibrio como punto de intersección entre curvas de oferta e demanda.
Crit.LLE.5.1. Explicar os efectos que levan cambios nas condicións de mercado distintas do prezo sobre o comportamento da oferta e a demanda.	Est.LLE.5.1.1. Identifica os factores que provocan desprazamentos na curva de demanda, e distingue os cambios nas condicións de mercado que provocan expansión da demanda daqueles que causan unha contracción da mesma. Est.LLE.5.1.2. Identifica os factores que provocan desprazamentos na curva de oferta, e distingue aqueles cambios nas condicións de mercado que provocan expansión da oferta daqueles que causan unha contracción da mesma.

<p>Crit.LLE.1.1. Clasificar os distintos tipos de mercado en función do grao de competencia que presentan.</p>	<p>Est.LLE.1.1.1. Caracteriza a competencia perfecta, a competencia monopolística, o oligopolio e o monopolio como tipos de mercado de crecente grao de concentración.</p>
<p>Crit.LLE.2.1. Clasificar os distintos tipos de mercado atendendo ao seu grao de concentración, á capacidade de cada empresa para influír no prezo, á transparencia na información e á existencia ou non de barreiras de entrada e saída.</p>	<p>Est.LLE.2.1.1. Clasifica os mercados de competencia perfecta e imperfecta atendendo ao dobre criterio do seu grao de concentración e a capacidade de cada empresa para influír no prezo.  Est.LLE.2.1.2. Compara os diversos mercados atendendo ao grao de homoxeneidade do produto, á intensidade da competencia, ao grao de transparencia e ao grao de liberdade de entrada ou saída de competidores.  Est.LLE.2.1.3. Identifica as barreiras de entrada e saída nun mercado, e establece a relación entre estas e a intensidade da competencia.</p>
<p>Crit.LLE.4.1. Explicar o funcionamento dos mercados de competencia monopolística a partir das súas características esenciais.</p>	<p>Est.LLE.4.1.1. Utiliza os elementos a través dos cales se caracterizan os mercados de competencia monopolística para explicar o funcionamento destes mercados.</p>
<p>Crit.LLE.5.1. Identificar as características que definen aos mercados de oligopolio, establecendo a relación destas co funcionamento deste tipo de mercados e, especialmente, co fenómeno da colusión.</p>	<p>Est.LLE.5.1.1. Describe os trazos que distinguen aos oligopolios, e explica o funcionamento dos mesmos cando non ten lugar a colusión.</p>
<p>Crit.LLE.6.1. Explicar o funcionamento dos mercados de monopolio a partir das súas características esenciais.</p>	<p>Est.LLE.6.1.1. Utiliza os elementos a través dos cales se caracterizan os mercados de monopolio para explicar o funcionamento destes mercados.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>A nota da avaliación estará constituída por dous elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A nota media de tódolos exames realizados no trimestre, si todos eles estivesen superados. Este elemento terá un peso do 90% da nota (ata 9 puntos)</li> <li>- Os traballos individuais entregados, o traballo do día a día, a atención as explicacións do profesor, realización das actividades puntualmente e a participación na aula, contará ata un 10% (ata 1 punto)</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuestionario de preguntas.</li> <li>- Traballos individuais realizados polo alumnado.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota da avaliación ordinaria estará constituída por dous elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A nota media de tódolos exames realizados no trimestre, si todos eles estivesen superados. Este elemento terá un peso do 90% da nota (ata 9 puntos)</li> <li>- O traballo do día a día, atención as explicacións do profesor, realización das actividades puntualmente e a participación na aula, contará ata un 10% (ata 1 punto)</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuestionario de preguntas.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos pendentes.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non hai alumnos pendentes.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos pendentes.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Repaso das dúas primeiras avaliacións mediante explicacións por Webex, traballos individuais e cuestionarios.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado de economía da empresa de 1º de bac dispón de conectividade por internet. Os seis alumnos suspensos na segunda avaliación recuperaron a mesma mediante a elaboración de traballos individuais e cuestionarios sobre a materia a recuperar.
<b>Materiais e recursos</b>	Webex Correo electrónico Libros de "Economía" da editorial McGraw Hill Páxinas web: <a href="http://www.econosublime.com/">http://www.econosublime.com/</a> y <a href="http://deconomiablog.blogspot.com/">http://deconomiablog.blogspot.com/</a>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Correo electrónico Teléfono
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.